

DIREMOS,

A Luísa Villalta

Rosa Aneiros

**Un tumulto con fulgores de prodixio,
e tamén de espanto, un murmullo de mundo,
de vento e, sobre todo, voces.
Son os viaxeiros**

1.

Once días coas cadansúas noites de camiño. Sempre os mesmos rostros, as mesmas bochas, a mesma fame, a mesma sede, o mesmo frío. Sempre eles, centos, miles de homes de branco a me lembrar cos seus laios a podremia do meu propio corpo. As súas bágoas podían ser as miñas e, non obstante, a mesma insistencia e a mesma suor en cada pisada que se afunde na area. Ao lonxe, a cen quilómetros no horizonte, está a Kaaba sagrada arredor da cal virarei e virarei na busca da vida eterna. Sufro este cansazo tras o ronsel místico da media lúa e noto como a pel se derrete coas labazadas do sol. Non obstante, a fe.

**NAI.- As aves non fan mais que torpedear futuros.
despois teñen que refacé-lo todo.
Os viaxeiros comprenden que o viero
era só unha figura de pó
no ar**

2.

Os meus pés lévanme inertes cara a onde non quero ir. Pero eles seguen, apremados polo temor e a incerteza. Non quero ir. Sigo marcando inutilmente as mesmas nove cifras e escoito irremediabilmente a voz amable da locutora que me anuncia que o teléfono móbil ao que chamo está apagado ou fóra de cobertura neses intres. Pero, señorita, se leva así dende as oito menos cuarto da mañá. E o silencio responde dende o outro lado das ondas dando máis razóns para o pánico. Ao mellor non colleu ese tren, ao mellor saíu da casa e foi tomar un café, ao mellor atopou a alguén antes de chegar á plataforma. Ao mellor ese alguén lle preguntou pola oficina, polo atletismo e pola familia, sobre todo pola máis cativa e nese momento sentiuse o estoupido nas vías. Ao mellor non está morto. Nin sequera ferido. Os pés séguenme levando cara a onde non quero ir. Non quero chegar ao tanatorio. Non quero ter que recoñecer tantos corpos mutilados. Pero sigo andando. Malia o horroroso peso da dúbida que me invertebra o espiñazo, eu camiño. Non obstante, o terror.

**FILLA.- Sen embargo, ás veces cantan.
Teño visto como deixan pegadas de pasos firmes,
mensaxes para siluetas de seres queridos
que virán detras perguntando**

3.

Ando paseniño, como se efectivamente me pesasen as pernas. Podería mentir e dicir que estou afeitado. Que este camiño forma parte da miña xeografía biográfica. Que me gusta andar baixo o sol doente das primeiras horas. Que me gusta esta falta de aire. Esta calor. Que me gusta andar durante catro horas cada día xunto coas outras mulleres da aldea. Podería dicilo. Podería mentir. Non obstante, esta calor insoportable, estas feridas nos pés, estas pedras incómodas, esta falta de aire, esta carga que me dana o lombo. Non obstante, a auga carrexada en grandes recipientes de barro para beber, para comer, para nos lavar. Non obstante, a penuria destas catro horas diarias baixo a lousa implacable do deserto. Non obstante, esta sede.

FILLA.- Aquí lavan os pés para seguir andando.

**NAI.- Aquí
E quererían non te-los suxado
xa que ninguén pode atesourar a distancia**

4.

Camiño sen pés que me espeten nesta terra mol. Arrastro a miña perna de sangue a través dos carreiros de xabre do deserto. Non hai peso físico que me eive e, non obstante, esta carga ás costas. Esta dor na conciencia de quen non pode dar máis de si e se desliza como unha serpe polas dunas. Non vin aquela mina antipersoas. Non puiden vela. Abrasada. Se non fose por este burka. Se non fose por esta perna que me doe aínda que xa non exista. Se non fose por deixar de ser unha maldita tolleita. O ruído dos motores retobata o ceo e corro atarexada pola febre. Hai outros soldadiños de chumbo que corren canda min. Entón os paracaídas caen como folepas multicolores dende o máis profundo azul. E corro e corro para alcanzar unha desas doazóns da solidariedade internacional que me permitan volver ser útil. Unha perna ortopédica de plástico que substitúa a dor provocada por unha mina. E volver carrexar auga e fillos. Non obstante, esta eiva.

**FILLA.- saber que non volverán
Fai a algúns demorar-se e desprender-se.**

NAI.- Para coñecer o que abandonan.

5.

Corro corro corro. A humidade da selva faise chumbo no aire e ao se adherir ao corpo ralentiza o paso. Corro corro corro. As pernas tropezan coas árbores, coas silvas, coas pedras, co medo e entre si. Pero eu sigo correndo. Caín tres veces e tres veces me incorporei coa mirada enxurrada pola lama. E non para de chover. E eu corro corro corro perseguindo o camiño agochado da aldea. Para avisar. Para que fuxan ao interior da selva. Para que se oculten. Os paramilitares perseguen os meus pasos con golpes de fusil e axadas de metralleta. Debo avisar para que os nosos guerrilleiros fuxan. Non obstante, estas pernas tan pequenas. Non obstante, estes sete anos.

**FILLA.- E nós vivemos do que deixan,
Do que teñen de deixar para seguir andando.**

**NAI.- Vivemos dun eco
ao canto do camiño**